



# Concello de A Mezquita

## **BANDO**

### **“PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS”**

**D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,**

#### **FAI SABER:**

Que a Consellería de Política Social e Xuventude según a Orde do 21 de maio de 2026 establece as bases reguladoras para a concesión de estadias en prazas en establecementos balnearios da Comunidade Autonoma de Galicia, dentro do Programa Benestar en Balnearios e se procede a súa convocatoria.(DOG.nº96 do 26/05/2026) BS607A

#### **O PROGRAMA CONSISTE**

En quendas que teñen unha duracion de dez días, con nove noites, en réxime de pensión completa.

O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido entre o 15 de xuño e o 31 de decembro do ano 2026.

#### **BENEFICIARIOS**

O programa está dirixido a persoas maiores de 60 anos residentes en Galicia, así como a persoas pensionistas maiores de 55 anos. Pódese asistir cun acompañante.

Ademais, no caso de ter un fillo ou filla cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, este tamén pode participar.

As persoas participantes deben valerse por si mesmas para realizar as actividades básicas da vida diaria.

#### **LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION**

As solicitudes presentaranse telemáticamente a través da sede electrónica da IXunta de Galicia (procedimiento BS607A), tamén poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento. O prazo para presentar as solicitudes será dende o día 27 de maio ao 26 de xuño.

**Para calquera dúbida poden acudir a oficina de Servizos Sociais do Concello en horario de 9:00 a 14:30 horas.**

En A Mezquita.

O ALCALDE,

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

Documento asinado dixitalmente na marxe

